



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 1e.i / PD

Vacas nutrices

NORMATIVA

- **Regulamento (UE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e Regulamento delegado (UE) 640/2014).
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 60 ao 62).

DEFINICIÓNS

Explotación: todas as unidades de produción utilizadas por un agricultor e situadas no territorio de España.

Vaca: o bovino femia que parise.

Xovenca: o bovino femia a partir da idade de oito meses que non parise.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 3)

Regulamento (CE) 1307/2013 de pagamentos directos (art. 4.1 e art. 2 do Regulamento delegado (UE) 640/2014)

NORMAS XERAIS

- Concederáselles unha axuda asociada aos gandeiros que manteñan vacas nutrices co obxectivo de garantir a viabilidade económica da explotación e de reducir o risco de abandono desta actividade produtiva.
- As axudas concederanse por animal elixible e ano.
- Para seren beneficiarios desta axuda deberán cumprir as seguintes condicións:
 - ♣ Ser agricultor activo.
 - ♣ As explotacións estarán inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Agrarias (Rega) como explotacións de bovinos cunha clasificación zootécnica de reprodución para a produción de carne ou reprodución para a produción mixta.
 - ♣ Os animais elixibles:
 - Inscritos no Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais (RIIA).
 - Femias que pertencen a unha raza cárnica ou que procedan dun cruzamento cunha destas razas e formen parte dun rabaño destinado á cría de tenreiros para produción de carne:
 - Vacas que parisen nos 20 meses previos á data final da solicitude anual.
 - Xovenca ata un máximo do 15 % das vacas nutrices elixibles.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 60 ao 62)

REQUISITOS XERAIS PARA PODER ACCEDER AO PAGAMENTO

- Os animais con dereito ao cobramento da axuda estarán presentes na explotación en catro datas: 1 de xaneiro, 30 de abril e dúas datas intermedias entre ambas.
- Cando na explotación se venda leite, para determinar o número de animais con dereito a esta axuda asociada, a pertenza dos animais ao censo de vacas de leite ou ao de nutrices establecerase mediante a relación entre a cantidade de leite comercializado durante o período comprendido entre o 1 de outubro do ano anterior á solicitude e o 30 de setembro do ano de solicitude e o rendemento leiteiro medio establecido para España en 6.500 kg.



- O importe por cabeza determinarase anualmente a partir do número de animais elixibles no ámbito do Estado e o orzamento dispoñible.

Obrigatorio	Si	X	Non	Obs.:
Agricultor activo	X	Si	Non	Obs.:
Actividade agraria	X	Si	Non	Obs.:
Ter solicitude única en 2013	Si	X	Non	Obs.:
Ter pagamento base	Si	X	Non	Obs.:

Observacións: